# A VIAXE DE OLAF

Texto e ilustracións de MARTÍN LEÓN BARRETO

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartoné. 22 x 22 cm. 48 páx. 13 €

IV PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO




**A viaxe de Olaf** (galego)
ISBN 978-84-8464-769-0. Premio Compostela

**El camino de Olaj** (castelán)
ISBN 978-84-8464-768-3. Premio Compostela

**El viatge de l'Olaj** (catalán)
ISBN 978-84-15170-11-2. Kalandraka-Hipòtesi

**Olaj-en bidaia** (euskera)
ISBN 978-84-7681-691-2. Kalandraka-Pamiela

**A viagem de Olaj** (portugués)
ISBN 978-989-8205-71-1. Livros para sonhar

- **Temática:** viaxe iniciática en busca de compaña e amizade.
- **Idade recomendada:** dende 5 anos.
- **Aspectos destacables:** IV Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado; relato acumulativo, estrutura repetitiva (contos tradicionais); animais imaxinarios; astronomía; profusión cromática, formas xeométricas.

*Olaf vivía nun planeta moi, moi pequeno.*
*Nunha casa moi, moi grande.*
*Un bo día, aburrido, Olaf saíu a camiñar... e camiñou!*
*Olaf camiñou e camiñou, e un peixe que tiña a cola do revés atopou.*
*–Vés comigo? –preguntoulle.*
*E como non dixo que non...*

O protagonista deste relato acumulativo de estrutura repetitiva e circular é unha sorte de Principiño que, farto da soidade, emprende un camiño iniciático. Diversos animais fantásticos -de inspiración mítica e valor simbólico- vanlle facendo compaña e conformando un grupo heteroxéneo e compacto: o peixe que tiña a cola do revés, o cabalo alado, o tigre arco da vella, o elefante elegante...

"A viaxe de Olaf" destaca pola profusión de colorido e pola harmonía coa que Martín León Barreto combina gamas cromáticas. Son ilustracións de formas xeométricas dotadas de movemento e dinamismo, e integradas como pezas dun complexo crebacabezas faunístico.

A obra gañadora do IV Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, organizado polo Departamento de Educación do Concello de Santiago e Kalandraka, axústase a un esquema baseado nos contos tradicionais: rimas, xogo de contrarios, diálogo reiterativo, oralidade... Olaf fainos partícipes dunha aventura a través do día e da noite, sobre a amizade e a xenerosidade.

## Martín León Barreto

(Montevideo, 1973)

É deseñador gráfico e ilustrador dende 1991; especialista en deseño de coleccións e portadas para libros infantís e xuvenís. Afincado en Guadalaxara (España), colabora con diversas editoriais e medios de comunicación. É ilustrador do equipo multimedia 'Tres'. http://www.martinleonbarreto.com





www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com